Quen está encantada co avó é Xulia, porque a tapa diante dos pais cando fai algunha trasnada, e ademais a leva e a trae do colexio, e sobre todo porque lle conta historias da súa vida poñendo moito sentimento cando fala. Polas tardes, se non chove, acompáñaa ao parque e, se orballa, van merendar ao centro comercial, tomar un xeado ou ás veces ao cine.

Nunha ocasión en que nora e sogro mantiñan unha de tantas discusións que xa se converteran en recorrentes, Xulia, que se atopaba debuxando tombada boca abaixo na alfombra da sala, ergueuse disposta a solucionar dunha vez por todas o asunto.

An Alfaya: *A encontadora,* Edicións Xerais, col. Merlín (adaptación).

**1** Por que Xulia está encantada co seu avó?

Xulia está encantada co seu avó porque a tapa diante dos pais cando fai algunda trasnada, a leva e trae do colexio e lle conta historias da súa vida poñendo moito sentimento.

**2** Que fai co seu avó polas tardes?

O avó, se non chove, acompaña a Xulia ao parque e, se orballa, van merendar ao cnetro comercia, tomar un xeado ou, ás veces, ao cine.

**3** Paréceche unha nena decidida ou máis ben con pouco carácter. Como o sabes?

Xulia parece unha nena decidida porque está disposta a solucionar unha discusión entre os maiores.

**4** Localiza no texto e escribe as palabras que corresponden a estas definicións:

Avó: Pai do pai ou da nai.

Sogro: Para o marido, o pai da súa esposa; para a esposa, o pai do seu marido.

Nora: Esposa dun fillo.

**5** Busca no texto e escribe un sinónimo de cada unha destas palabras:

falcatruada → trasnada

repetitivas → recorrentes

chuvisca(r) →orballa (r)

levantouse → ergueuse

© GRUPO ANAYA, S.A. Material fotocopiable autorizado.

**6** Clasifica as seguintes oracións en enunciativas (E), interrogativas (I) ou exclamativas (Ex):

– Nora e sogro mantiñan unha discusión. E

– Quen leva a Xulia ao colexio? I

– Que ben debuxa esta nena! Ex

– Hoxe non chove. E

● Das oracións anteriores, cal é negativa? A última (Hoxe non chove)

## Exercicios de sinónimos e antónimos

**1. Engade o prefizo des- , in- , a- ou anti- para formar palabras contrarias.**

| | | |
|---|---|---|
| **Des**pegar | **A**normal | **Anti**graxa |
| **In**móvil | **Im**puntual | **Anti**disturbios |
| **Im**perfecto | **Des**confiado | **Des**conxelar |

**2. Escribe os antónimos de**

a) Branco **negro**

b) Noite **día**

c) Moral **inmoral**

d) Puntual **impuntual**

e) Amargo **doce**

f) Grande **pequeno**

**3. Une as palabras sinónimas**